

BASES DO IV CONCURSO DE DEBUXO DA FSC-GALICIA 2024

A Federación de Servizos á Cidadanía de Galicia convoca o IV CONCURSO DE DEBUXO dirixido aos fillos e fillas da súa afiliación.

Os debuxos premiados serán o soporte gráfico do calendario do ano 2025.

1. TEMA

O meu deporte favorito

2. BASES DO CONCURSO

Serán válidos os traballos que cumpran os seguintes requisitos:

1. Poderán participar neste concurso todos os fillos e fillas de afiliados/as á Federación de Servizos á Cidadanía de Galicia que cursen estudos no segundo ciclo de educación infantil ou na educación primaria.
2. Cumprir co tema escollido.
3. Os debuxos deberán ser manuais; non se admitirán debuxos dixitais. Os/As participantes teñen liberdade para utilizar a técnica que desexen (de forma separada ou mesturada: lapis, ceras, témperas, acuarela, etc.).
4. Admitirase un único debuxo por participante, que deberá presentarse en papel de tamaño folio A4 en sentido **horizontal** para que cadre co formato do calendario.
5. No reverso do debuxo, indicarse o nome e apelidos e a idade do autor ou autora, e mais o número de teléfono de contacto do pai, nai ou titor/a.
6. Todos os debuxos deberán ir acompañados dun documento asinado polos pais ou titores legais, no que autoriza o/a menor a participar no concurso (especificando “IV Concurso de Debuxo FSC-Galicia”) e acepta as bases. Esta autorización deberá ir nun sobre pechado (dentro do sobre meirande co debuxo) e sen identificación ningunha no exterior. O modelo de autorización xúntase como anexo a estas bases.
7. Admitiranse ao concurso todos os debuxos que nos fagades chegar por correo ao enderezo postal seguinte, **antes do día 14 de outubro (incluído)**, data en que comezaremos coa selección dos debuxos gañadores; así mesmo, debes indicar a categoría á que optades.

**Federación de Servizos á Cidadanía-Galicia
Secretaría de Comunicación
IV CONCURSO DEBUXO FSC-GALICIA 2024
Categoría ---
Rúa Teixugueiras, n.º 11**



C. P. 36212 Vigo (Pontevedra)

3. PREMIOS

Establécense tres categorías:

A autora ou autor do mellor debuxo en cada unha das categorías recibirá como premio un cheque regalo que se poderá trocar por material escolar/deportivo por valor do premio conseguido.

CATEGORÍAS	1.º	2.º	3.º	
A (2.º ciclo Educación Infantil)	100 €	75 €	50 €	50 €
B (1.º, 2.º e 3.º Educación Primaria)	100 €	75 €	50 €	50 €
C (4.º, 5.º e 6.º Educación Primaria)	100 €	75 €	50 €	50 €

4. CESIÓN DE DEREITOS

As obras entregadas non serán restituídas. Ao participar no concurso, o/a candidato/a afirma que a súa obra é un traballo orixinal e individual, que ten a propiedade exclusiva do traballo e que ningún terceiro é propietario, nin ten copyright ou marca rexistrada da obra presentada, nin ten dereito ningún de propiedade industrial ou intelectual sobre ela. O/A participante asume a responsabilidade por calquera demanda ou reclamación formulada por parte de terceiros sobre vulneración de calquera dereito de propiedade industrial ou intelectual relacionada coa obra presentada.

A participación no concurso implica a **cesión á FSC Galicia** dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública sobre as obras presentadas, de acordo coa lexislación sobre propiedade intelectual.

Os datos do/da menor, consistentes en nome, apelidos e idade, incorporaranse á obra en caso de delegación pública desta.

5. RESOLUCIÓN FINAL

O xurado estará composto pola Executiva da FSC Galicia, que resolverá calquera incidencia que puidese producirse. A participación dalgún familiar directo de calquera membro da executiva excluírá ese membro da composición do xurado para a resolución do concurso.

A resolución final coas persoas premiadas comunicaráselles a estas e publicarase na páxina web da FSC Galicia o día **31 de outubro de 2024**.

As bases do concurso pódense consultar en www.galicia.fsc.ccoo.es

6. POLÍTICA DE PRIVACIDADE (PARA PAIS/NAIS OU TITORES/AS)

Segundo a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, infórmase de que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia, sito na rúa Miguel Ferro Caaveiro, n.º 8, 15707, Santiago de Compostela e contacto do DOD dpd@ccoo.es.

Os datos terán como únicos destinatarios os membros da Federación de Servizos á Cidadanía de Galicia encargados da xestión do concurso e o xurado para a selección de finalistas, e serán empregados exclusivamente no previsto nas bases do concurso, comunicacións de premios e mencións, entrega de premios... Unha vez finalicen estas comunicacións, todos os datos persoais serán eliminados.

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, portabilidade, poñéndose en contacto con nós en comunicación.fsc@galicia.ccoo.es ou por correo en Federación de Servizos á Cidadanía de Galicia na rúa Teixugueiras, n.º 11, C. P. 36212 Vigo, Pontevedra. Así mesmo, en caso de considerar vulnerado o seu dereito á protección de datos persoais, poderá interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de datos (<https://www.aepd.es>).

A persoa participante é directamente responsable de cumprir co establecido en relación cos dereitos de imaxe, protección de datos, honor, intimidade e calquera outro dereito propiedade dun terceiro. Para iso, FSC-CCOO Galicia declina toda responsabilidade legal sobre o contido dos debuxos presentados a este concurso.

Os datos contidos no formulario de cesión de datos que figura no anexo han ser cubertos de forma obrigatoria. En caso de non o facer así, a inscrición será desestimada e os datos borrados decontado. Cubrir o formulario implica a inscrición no concurso e a aceptación das súas bases.

Conforme o establecido no Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/99, aprobado por Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, e xa que os participantes do concurso son menores de idade, a autorización para participar no concurso debe ser outorgada polos seus pais, nais ou titores. Neste caso, o tratamento dos datos debe ser expresamente autorizado por estes e, por este motivo, solicítanse determinados datos da persoa que actúa en nome do menor. Se for necesario, tales datos serán obxecto de comprobación.

ANEXO 1

AUTORIZACIÓN PARA A FEDERACIÓN DE SERVIZOS Á CIDADANÍA DE GALICIA

D./D.^a en condición de pai/nai/titor(a), con DNI....., autorizo a..... a participar no IV CONCURSO DE DEBUXO DA FSC GALICIA 2024, convocado pola Federación de Servizos á Cidadanía de CCOO de Galicia.

Así mesmo, autorizo a cesión dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública da obra presentada ao IV Concurso de Debuxo da FSC-Galicia para fillos/as de afiliados/as da Federación de Servizos á Cidadanía, así como a identificación da obra cos seguintes datos do/da menor de idade: nome, apelidos e idade.

Co asinamento desta autorización, acepto expresamente na súa totalidade as bases do concurso, a política de protección de datos e a cesión da obra.

Idade neno/a:

Núm. de teléfono móbil:

..... dede 2024

Sinatura: